

ACTA



En Arzúa, a 5 de xullo de 2017

Sendo as 10.00 horas, reúnense no Salón de Comisións, dentro da Casa do Concello, os seguintes membros -integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para a provisión dun posto de traballo de **auxiliar da Emisora municipal de radio**, cuxa contratación laboral temporal – por un período de dous meses e medio- acordouse realizar a través das Bases aprobadas por decreto ditado polo alcalde o día 26 de maio de 2017; A saber:

- \* Presidente: don Armando Cascón Rodríguez, (*director da Emisora municipal de radio*).
- \* Secretario: don Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*).
- \* Vogais:
  - Don José Ramón Bernárdez Sexto, (*auxiliar da Emisora municipal de radio*)
  - Don Ramón Torreiro González, (*encargado da Biblioteca Municipal*).

E, visto que existe o quórun suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, -de conformidade co disposto no artigo 17, nº 2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público, o presidente procedeu a declarar constituída dita comisión, co obxecto de valorar o primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición convocada, cuxo exercicio -segundo se dispón na Base Décima- consistirá en *expoñer ante a Comisión Seleccionadora unha programación de radio, presentada coa solicitude de participación no procedemento de selección, durante un tempo de dez minutos como máximo, que será valorada ata 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio o obter un mínimo de 5 puntos.*

Téndose convido que os doce aspirantes, que compareceron a realizar este exercicio, quedasen agardando no Salón de Sesións, ata ser chamados para expoñer no Salón de Comisións, ante os integrantes da Comisión Seleccionadora, a programación de radio que tiveran presentada; seguindo para elo a mesma orde que o de presentación das súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

E así, unha vez que os citados aspirantes expuxeron a súa respectiva programación da radio, durante un período de tempo máximo de dez minutos.

Por unanimidade dos cinco membros integrantes da Comisión Seleccionadora, acordouse outorgar as seguintes puntuacións:

Nº Rexistro	Nome e apelidos	Proba teórica
2024	Carlos Alamancos Ríos	5
2088	Verónica Rodríguez Ríos	6
2093	Nuria García García	4
2100	Marcos Antonio Magán Taboada	5
2131	Daniel Mato López	4
2139	Olalla Dopico Carrón	6
2163	Susana Novo Vázquez	4
2164	Martín Portos Pampín	5

2169	David Mosquera Alfonso	NP
2170	Miguel Conde Conde	6
2180	Iria Figueiroa Martínez	6
2181	Laura Martínez Rodríguez	6
2214	Jesús Rivera Arman	4

En consecuencia coas puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos cinco membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos doce aspirantes, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, e na páxina web, unha copia da acta extendida desta reunión, para que os interesados pidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase de oposición.

**Segundo.-** Facer saber aos catro aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 5 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así ven especificado na Base Décima das que rixen a oposición.

**Terceiro.-** Convocar aos oito aspirantes que superaron a proba teórica, para que comparezan a realizar a **proba práctica** de que consta a oposición **o vindeiro día 11 de xullo (martes), nas instalacións da Emisora municipal de radio, ás 10.00 horas**, sita na rúa Padre Pardo, nº 33, piso 1º.

Co cal douse por rematado o acto, ás 11,50 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscripta polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente: do que dou fe.